

MORIR

[Fernando Franco, 2017]

291

ESTREA EN NUMAX: 06.10.2017 | V.O. | +16

Morir (2017, 104')

Dirección: Fernando Franco

Guión: Fernando Franco

Elenco: Marian Álvarez, Andrés Gertrudix, Iñigo Aranburu

Son: Aitor Berenguer, Nacho R. Arenas, Nacho Royo

Montaxe: Miguel Doblado

Fotografía: Santiago Racaj

Vestuario: Laura Cuesta

Dirección de arte: Miguel Ángel Rebollo

Música: Javi P3z, Mursego

Produtoras: Kowalski Films, Ferdydurke (España)

Distribuidora: Golem Distribución

Formato de proxección: DCP2K, 2.39:1

Idioma orixinal: Español

FILMOGRAFÍA

La herida, 2013

La media vuelta, 2012 [curtametraxe]

Room, 2011 [curtametraxe]

Les variations Dielman, 2010

[curtametraxe]

TU(a)MOR, 2009 [curtametraxe]

The End, 2008 [curtametraxe]

Mensajes de voz, 2007 [curtametraxe]

PREMIOS E FESTIVAIS

Donostia 2017 (estrea oficial)

SINOPSE

As vidas de Luis e Marta vense abruptamente paralizadas. As mentiras, a culpa e o medo poñen a proba a estabilidade e o amor da parella.

«Durísimo, intenso
e exemplar»

Oskar Belategui, DIARIO EL CORREO



“A influencia de *Persona* no filme é esencial”

Entrevista con Fernando Franco

Por Jara Yáñez

Morir recupera moitos dos temas que traballou nas súas curtas e que se recollían á súa vez en *La herida* (2013): a enfermidade, o illamento, a incomunicación... Sempre sae o mesmo pero non hai nada premeditado. Supoño que, aínda que eu planifique outra cousa, ao final a intuición vaime levando por ese camiño. Elías León Siminiani dicíame hai pouco que sempre nado na mesma dirección, pero que chegará un momento no que toque o final da piscina e darei a volta... É unha imaxe que me lembra, por exemplo, ao xiro que deu o cinema de Bruno Dumont nos seus últimos filmes: son distintos e, porén, coherentes co seu estilo.

Con *Morir* volta tamén ao emprego do plano secuencia e a certos trazos formais que fan pensar nunha especie de comunicación. A miña formación profesional de montador fai que, preocupado por buscar co meu cinema a maior sensación de naturalidade posíbel, evite a fragmentación porque pon en primeiro termo unha manipulación que non quero que estea. O plano secuencia ofrece, ademais, unha maior sensación de tempo real (que vai na liña da máxima verosimilitude posíbel) e para os actores é máis cómodo porque lles permite ter o arco de evolución emocional completo. Ademais, e como dicía Godard, hai un millón de sitios onde colocar mal a cámara,

uns cantos miles onde poñela máis ou menos, poucos onde poñela ben e só un onde poñela. Creo que o plano secuencia supón un grao de compromiso con esta idea que, se ben é un pouco kamizake (se non funciona non hai maneira de salvarlo), creo que é a que mellor funciona.

***Morir* é unha historia sobre a morte pero é tamén, e sobre todo, unha historia sobre o amor, na que se describe unha evolución emocional chea de contradición, dúbidas e conflitos.** Falando con Koldo Zuazua, o produtor, dixemos sempre que a enfermidade é aquí un catalizador de emocións, mais que podería ter sido calquera outra cousa. O filme fala dunha relación e do xeito en que un amor que parecía sólido se ve afectado por axentes externos. Por outra parte, esas contradicións son, como dicía antes, unha das cousas que fican da novela: nela, como lector, e agardo que ocorra igual como espectador do filme, é posíbel entrar en conflito cun mesmo ou sentirse incómodo, a través da identificación dalgunhas das accións máis difíciles dos personaxes.

Atopamos unha certa apertura na relación coa natureza e a paisaxe. Nas conversas que mantiven con Miguel Ángel Rebollo [director de arte] moitas veces xurdían imaxes de Turner, Friedrich ou Vilhelm Hammershoi que logo, en certo modo, se transplantou ao filme aínda que non de maneira literal. Tamén nese sentido *Persona* (Ingmar Bergman), que é un dos meus filmes favoritos, é esencial: dous personaxes na praia, a casa... A secuencia na praia reflexa esa natureza agresiva de Friedrich, mais tamén me

lembra ás secuencias da praia de *Persona*. Buscaba ese contraste entre un lado máis amábel e outro máis agresivo.

Publicado en Caimán Cuadernos de Cine

Nota de intencións do director

O austríaco Arthur Schnitzler é un deses escritores que me apaixonan e cuxa lectura tendo a dosificar para non acabar a súa bibliografía demasiado axiña. Lin a súa novela «Morir» pouco antes de comezar a rodaxe do meu primeiro filme, *La herida*, e xa comecei a fantasiar co reto de poder adaptala á pantalla.

A día de hoxe, co filme rematado, hei de dicir que a metamorfose que foi sufrindo este xerme nas sucesivas versións de guión foi tan grande que o que sobreviviu é, sobre todo, a inspiración e quero crer que o seu espírito: a idea de non se centrar tanto no concreto dunha enfermidade senón en contala con outra idea, a da fragilidade do amor.

É a partir de aí desde onde tentamos construír o retrato do momento de vertixe dunha parella, unha encrucillada na que os límites entre o branco e o negro, o bo e o malo, dilúense nun mar de sentimentos complexos, moitos deles contradictorios, quizais incómodos, mais non por iso menos humanos.

Publicado en <http://www.golem.es/distribucion/index.php>
Traducións: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

***Morir*, Arthur Schnitzler**

Acantilado, 2004

***La herida*, Fernando Franco**

Cameo [DVD]

***Persona*, Ingmar Bergman**

Vértice [DVD]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Ven todos os días ao cinema por 4,5 €

ABÓNATE

E consegue máis vantaxes.
Infórmate en www.numax.org

NUMAX